## ACTA NÚMERO: 7/2023

## ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2023.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 12 horas do día 23 de febreiro de 2023 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

**Vogais da Mesa de Contratación:**
-D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación.
-D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
-D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
-Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

***ORDE DO DÍA:***

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día, 16 de febreiro de 2023 (Reunión 6/2023).*
2. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do mantemento dos aparatos elevadores en diversos edificios do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022062584).*
3. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)". (Expte.- 2022049078).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022058149).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022058149).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a subministración e execución das obras de abastecemento e depuración de augas e os traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios concellos da provincia de Pontevedra correspondente co expediente FEDER-EELL-2020-004631 "Sistemas sostibles de xestión de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Ponteareas e Pontecesures" do IDAE financiado nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020. (Expte.- 2022074878).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a subministración e execución das obras de abastecemento e depuración de augas e os traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios concellos da provincia de Pontevedra correspondente co expediente FEDER-EELL-2020-004631 "Sistemas sostibles de xestión de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Ponteareas e Pontecesures" do IDAE financiado nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020. (Expte.- 2022074878).*
8. *Aprobación das valoracións técnicas dos "sobres B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de lavandería no Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022063813).*



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R2NKZ3IFYXJQVNQ7

9. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de lavandería no Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022063813).*
10. *Aprobación das valoracións técnicas dos "sobres B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do lote número 1 do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa Depotermal 2023. (Expte.- 2022060754).*
11. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa Depotermal 2023. (Expte.- 2022060754).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego, D. Miguel Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular e D. Gabriel Rodriguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. ***Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día, 16 de febreiro de 2023 (Reunión 6/2023).***

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 16 de febreiro de 2023 (Reunión 6/2023).

2. ***Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do mantemento dos aparatos elevadores en diversos edificios do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022062584).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2023000343 de data 18 de xaneiro de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de *"Mantemento dos aparatos elevadores en diversos edificios do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra".*

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 9 de febreiro de 2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do mantemento dos aparatos elevadores en diversos edificios do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra.



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R2NKZ3IFYXJQVNQ7

As empresas admitidas foron as seguintes:

- ORONA, S. COOP. (NIF: F20025318)
- FAIN ASCENSORES, S.A. (NIF: A28303485)
- OTIS MOBILITY, S.A. (NIF: A28011153)
- TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.U. (NIF: B46001897)

Os valores ofertados foron o seguintes:

**ORONA, S. COOP. (F20025318)**

**Prezo ofertado a tanto alzado (para os 19 meses de duración do contrato):**

| | |
|---|---|
| **Importe sen o IVE:** | 3.610,00 € |
| **IVE (21%):** | 758,10 € |
| **Importe total ofertado:** | 4.368,10 € |

**FAIN ASCENSORES, S.A. (A28303485)**

**Prezo ofertado a tanto alzado (para os 19 meses de duración do contrato):**

| | |
|---|---|
| **Importe sen o IVE:** | 5.898,00 € |
| **IVE (21%):** | 1.238,58 € |
| **Importe total ofertado:** | 7.136,58 € |

**OTIS MOBILITY, S.A. (A28011153)**

**Prezo ofertado a tanto alzado (para os 19 meses de duración do contrato):**

| | |
|---|---|
| **Importe sen o IVE:** | 5.065,02 € |
| **IVE (21%):** | 1.063,65 € |
| **Importe total ofertado:** | 6.128,67 € |

**TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.U. (B46001897)**

**Prezo ofertado a tanto alzado (para os 19 meses de duración do contrato):**

| | |
|---|---|
| **Importe sen o IVE:** | 7.117,40 € |
| **IVE (21%):** | 1.494,65 € |
| **Importe total ofertado:** | 8.612,05 € |

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa ORONA, S. COOP. (F20025318), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R2NKZ3IFYXJQVNQ7

procedemento, contiña valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito, a Mesa de Contratación acordou facultar ó Secretario para que proceder a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustificara a oferta e precisara as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

Unha vez recibida a xustificación presentada pola empresa ORONA, S. COOP., remitiuse a mesma ao persoal técnico do Centro Príncipe Felipe para a súa valoración. Con data 17/02/2023 emítese informe técnico polo Centro Príncipe Felipe (CSV XOIXFWHYB1EIBH6A) no que se conclúe que a empresa ORONA, S. COOP. xustifica adecuadamente a baixa no prezo.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, procédese a efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

| **Empresa** | **Puntuación** |
|---|---|
| ORONA, S. COOP. (NIF: F20025318) | 100,000 puntos |
| FAIN ASCENSORES, S.A. (NIF: A28303485) | 63,206 puntos |
| OTIS MOBILITY, S.A. (NIF: A28011153) | 77,771 puntos |
| TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.U. (NIF: B46001897) | 39,858 puntos |

A Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas neste procemento aberto simplificado convocado para a contratación da "*Mantemento dos aparatos elevadores en diversos edificios do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*":
   - ORONA, S. COOP. (NIF: F20025318)
   - FAIN ASCENSORES, S.A. (NIF: A28303485)
   - OTIS MOBILITY, S.A. (NIF: A28011153)
   - TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.U. (NIF: B46001897)

2. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da *"Mantemento dos aparatos elevadores en diversos edificios do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra"*, que queda da seguinte forma:

| **POSICIÓN** | **EMPRESA LICITADORA** | **PUNTUACIÓN TOTAL** |
|---|---|---|
| 1ª | ORONA, S. COOP. (NIF: F20025318) | 100,000 puntos |
| 2ª | OTIS MOBILITY, S.A. (NIF: A28011153) | 77,771 puntos |
| 3ª | FAIN ASCENSORES, S.A. (NIF: A28303485) | 63,206 puntos |
| 4ª | TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.U. (NIF: B46001897) | 39,858 puntos |

3. Propor ó órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R2NKZ3IFYXJQVNQ7

"*Mantemento dos aparatos elevadores en diversos edificios do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra",* á empresa ORONA, S. COOP. (NIF: F20025318) que alcanzou a maior puntuación de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado .................. 3.610,00 €

IVE (21%) ................................758,10 €

Importe Total .........................4.368,10 €

A Mesa de Contratación comproba que a empresa ORONA, S. COOP. (NIF: F20025318), proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, que está debidamente constituída e non está incursa en ningunha prohibición de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirlle a empresa ORONA, S. COOP. (NIF: F20025318), proposta como adxudicataria, mediante comunicación electrónica, para que presente o resto de documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector. Entre a documentación que debe aportar figura a seguinte:

   - Documentación xustificativa de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias.
   - Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato, de conformidade co artigo 76.2 da LCSP, segundo o detallado nas cláusulas particulares deste prego.
   - Documento que acredita a constitución da garantía definitiva importe de 180,50 €

**3. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)". (Expte.- 2022049078).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 24 de xaneiro de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra *"Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)".*

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 30 de xaneiro de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R2NKZ3IFYXJQVNQ7

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desencriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- NEMESIO ORDOÑEZ, SA
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU
- NAROM SL
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA SL
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA
- PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

***4. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022058149).***



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R2NKZ3IFYXJQVNQ7

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 27 de xaneiro de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da “Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe”*.* O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 2 de febreiro de 2023. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desencriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- DARLIM SL. (NIF: B36612562), ós lotes 1 e 2.

5. ***Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022058149).***

O Secretario informa que a Mesa de Contratación na reunión do día 23 de febreiro de 2023 efectuou a apertura do sobre “A”, do procedemento aberto convocado para a contratación da “Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe”, sendo as empresas admitidas nos diferentes lotes as seguintes:



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R2NKZ3IFYXJQVNQ7

| | | |
|---|---|---|
| Lote 1 | – | DARLIM SL. (NIF: B36612562) |
| Lote 2 | – | DARLIM SL. (NIF: B36612562) |
| Lote 3 | – | Non se presenta ningunha oferta |

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desencriptación e descarga da documentación do sobre “B” correspondente aos criterios avaliables automáticamente presentada polas empresas admitidas ó devandito procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

**DARLIM SL. (NIF: B36612562)**

**Lote 1:**

| | |
|---|---|
| Importe sen o IVE: | 27.593,00 € |
| IVE (21 %): | 2.794,53 € |
| Importe total ofertado: | 33.387,53 € |

Porcentaxe de produtos ecolóxicos ofertados: 2,5%-<5%.

Redución do prazo de entrega da subministración: 1 día hábil

**Lote 2:**

| | |
|---|---|
| Importe sen o IVE: | 16.622,45 € |
| IVE (21 %): | 3.490,71 € |
| Importe total ofertado: | 20.113,16 € |

Porcentaxe de produtos ecolóxicos ofertados: 5%-<10%.

Redución do prazo de entrega da subministración: 1 día hábil

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta dos lotes incursa en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R2NKZ3IFYXJQVNQ7

6. ***Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a subministración e execución das obras de abastecemento e depuración de augas e os traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios concellos da provincia de Pontevedra correspondente co expediente FEDER-EELL-2020-004631 "Sistemas sostibles de xestión de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Ponteareas e Pontecesures" do IDAE financiado nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020. (Expte.- 2022074878).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 03/02/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios concellos da provincia de Pontevedra correspondente co expediente FEDER-EELL-2020-004631 Sistemas sostibles de xestión de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Ponteareas e Pontecesures do IDAE financiados nun 80 % polo FEDER a traves do POCS 2014-2020 que comprende as seguintes actuacións:

| Lote | Actuacións |
|---|---|
| 1 | Proxecto 1.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Barro |
| 2 | Proxecto 2.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de A Cañiza |
| 3 | Proxecto 3.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de O Grove |
| 4 | Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Marín |
| 5 | Proxecto 5.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Meis |
| 6 | Proxecto 6.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Nigrán |
| 7 | Proxecto 7.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Ponteareas |
| 8 | Proxecto 8.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Pontecesures |

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE para a súa publicación con data 03/02/2023 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 05/02/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R2NKZ3IFYXJQVNQ7

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desencriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir a única empresa presentada:

- Teswater Global SLU (CIF B-27778703).- Lotes 1,2,3,4,5, 6, 7 e 8.

7. ***Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a subministración e execución das obras de abastecemento e depuración de augas e os traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios concellos da provincia de Pontevedra correspondente co expediente FEDER-EELL-2020-004631 "Sistemas sostibles de xestión de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Ponteareas e Pontecesures" do IDAE financiado nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020. (Expte.-2022074878).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Mesa de Contratación na reunión do día 23 de febreiro de 2023 procedeu a efectuar a apertura electrónica do sobre "A", correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a subministración e execución das obras de abastecemento e depuración de augas e os traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios concellos da provincia de Pontevedra correspondente co expediente FEDER-EELL-2020-004631 "Sistemas sostibles de xestión de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán,



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R2NKZ3IFYXJQVNQ7

Ponteareas e Pontecesures” do IDAE financiado nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020.

A única empresa presentada e admitida foi a seguinte:

- Teswater Global SLU (CIF B-27778703).- Lotes 1,2,3,4,5, 6, 7 e 8.

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desencriptación e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente aos criterios avaliables mediante xuízos de valor da única empresa presentada e admitida aos lotes 1,2,3,4,5, 6, 7 e 8.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B” que presentou a única empresa presentada e admitida, os técnicos do Servizo de Cooperación,para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas nos lotes 1,2,3,4,5, 6, 7 e 8,  seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

8. ***Aprobación das valoracións técnicas dos “sobres B”, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de lavandería no Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022063813).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 13 de xaneiro de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de lavandería no Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 16 de xaneiro de 2023. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e a Mesa de Contratación, na reunión do día 2 de febreiro de 2023, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa sendo a única  empresa presentada e admitida a seguinte:

- ELIS MANOMATIC SAU (NIF: A08205056).

